ACTIVIDADE 1:

"A primeira etapa evolutiva do comportamento -e do cerebro- do Homo sapiens concrétase na adquisición da posición erecta. A bipedestación, o sostenemento sobre as extremidades inferiores, comporta a liberación das mans. A partir dese instante, o home, ou mellor, o seu antergo, conta xa cunhas ferramentas que resultarán trascendentais para a modificación do seu contorno. A manipulación permítelle cambiar as características do medio onde vive, co que indirecta e progresivamente vai conseguindo recibir novas influencias dende ese medio. Ata que aparece a fala , e con ela a linguaxe. Con el e por el o home empeza a selo realmente. O comportamento verbal supón comunicarse, transmitir informacións codificadas e, en última instancia, crear un ambente de símbolos -as palabras e os seus significados- que exercen unha especial e humanísima influencia sobre o home en evolución. O ambente verbal inflúe e modifica o comportamento total de cada individuo. E, da man da linguaxe, desenvólvese o pensamento. Entre os estímulos que o home recibe e os comportamentos observables que ante eles adopta ten lugar unha actividade cognitiva que determina grandemente ese comportamento. O home é o único animal capaz de conceptualizar a realidade".
Toro Trallero; *El comportamento humano*; Aula abierta; Salvat; pxs. 6-7

Responde, a partir do texto, ás seguintes cuestións:

1. Identifica os elementos que o autor sinala como decisivos no proceso de hominización
2. Cal deses elementos considera definitorio do animal humano? Busca no texto a frase que expresa a idea que tomaches como referente para a túa resposta.
3. Que permite a linguaxe simbólica?
4. Na última frase do texto di o autor que: "O home é o único animal capaz de conceptualizar a realidade". Que ventaxas ten isto para os humanos?

ACTIVIDADE 2:

"É pois aquí onde os seres humáns e outros animais separan os seus camiños. As outras criaturas, cando teñen que encarar un problema que a súa bioloxía herditaria non pode resolver, teñen que mudar de calquera forma os seus mecanismos biolóxicos, antes de extinguirse. O home , e só él, cando chega á conclusión de que a súa bioloxía é pouco axeitada, escapa á extinción, non por medio dun reaxustamento da súa bioloxía, senon pola adopción dunha forma de comportamento enteiramente diferente. É isto que está baixo a forma de actividade non biolóxica ou extrasomática á que os antropólogos chaman cultural. Só en ocasións moi excepcionais, nos últimos milleiros de anos, os seres humanos mudaron as súas bioloxías cando tiveron que facer fronte a drásticas mutacións do ambente ou outros factores que ameazaban seriamente a súa capacidade de sobrevivir. En vez diso fixeron e voltaron a facer fronte aos desafíos alterando as súas culturas. Foi a diversidade dos seus mecanismos culturais que permitíu ao *Homo Sapiens*, como especie, habitar en calquera lugar da terra, e durar máis que outros grupos animais que en tempos parecían mais capaces de sobrevivir." (Mischa Titiev; *Introdución á antropoloxía cultural,* Fundación Calouste Gulbenkian (6ª ed.), Lisboa, 1989, p.12*)*

Responde, a partir do texto, ás seguintes cuestións:

1. Cal é a idea principal do texto?
2. Distingue entre evolución biolóxica e evolución cultural, servíndote para elo de exemplos concretos
3. Explica o sentido da seguinte afirmación: "Foi a diversidade dos seus mecanismos culturais que permitíu ao *Homo Sapiens*, como especie, habitar en calquera lugar da terra, e durar mais que outros grupos animais que en tempos parecían mais capaces de sobrevivir"
4. A evolución cultural parece capaz de realizacións superiores ás da evolución biolóxica (busca algún exemplo), pero tamén pode ser maior a súa fraxilidade. Por que? É posible decidir a orientación da evolución biolóxica? E da cultural? Somos responsables da dirección que a nosa evolución poida seguir no futuro? Xustifica a túa resposta

ACTIVIDADE 3:

"Como a actividade cinexética é eminentemente masculina, a visión tradicional de que a caza foi a fonte principal de alimento humano durante a prehistoria asigna un papel protagonista ao sexo chamado "forte". Se, polo contrario, a recolección de produtos vexetais representara na prehistoria a base do sustento humano, entón teríamos que desmitificar a imaxe do orgulloso cazador que volta ao fogar cargado co venado que abateu, sendo recibido ás portas da choupana con xúbilo pola súa compañeira, a numerosa prole, e tal vez algún proxenitor ao seu coidado" (J.L. Arsuaga; *O colar do neanderthal)*

1. Sinala a idea fundamental do texto e indica que trata de comunicarnos.
2. Algúns antropólogos suxiren que a orixe do sexismo pode atoparse na división sexual do traballo, que ven condicionada pola natureza reprodutiva da muller. Busca razóns que permitan refutar esta tese.
3. Distingue entre sexo e xénero. Pensas que certos rasgos que de forma recurrente se asocian a homes e mulleres, son expresión de condicionantes biolóxicos ou, máis ben, efecto dun condicionamento cultural? Xustifica a túa opinión con argumentos e trata de ilustralos con exemplos pertinentes.

ACTIVIDADE 4:

"Dous gorilas ou dous chimpancés tomados ao chou están considerados máis afastados xenéticamente que dous seres humanos tomados ao chou. A diversidade xenética da especie humana é sorprendentemente fébel. As distincións entre os grupos humanos establécense en gran medida máis sobre a base da diversidade cultural que sobre a diversidade xenética. Todo isto explica por que os antropólogos non falan xa de razas, senón de poboacións. Falamos de grupos locais cambiantes, de unidades bioculturais. Son eles os que existen na natureza (…) A raza, por tanto, non é unha categoría derivada da xenética senón unha teoría popular da herdanza (…) A raza existe indudáblemente como categoría simbólica e social" (Jonathan Marks, "A raza e a teoría popular da herdanza", Mundo Científico)

Responde, a partir do texto, ás seguintes cuestións:

1. Cal é a idea principal do texto?

2. Define os conceptos "raza" e "poboación" e xustifica por que "os antropólogos non falan xa de razas, senón de poboacións"

3. Explica as seguintes ideas:

-A diversidade xenética da especie humana é sorprendentemente fébel

-As distincións entre os grupos humanos establécense en gran medida máis sobre a base da diversidade cultural que sobre a diversidade xenética

-A raza existe indudábelmente como categoría simbólica e social

SOLUCIONARIO:

ACTIVIDADE 1

1. **Identifica os elementos que o autor sinala como decisivos no proceso de hominización**

A adquisición da posición erecta, a bipedestación. Como consecuencia, a liberación da man e o uso das ferramentas. A linguaxe e, da man da linguaxe, o pensamento.

2. **Cal deses elementos considera definitorio do animal humano? Busca no texto a frase que expresa a idea que tomaches como referente para a túa resposta.**

A linguaxe . "Con el e por el o home empeza a selo realmente".

3. **Que permite a linguaxe simbólica?**

Permítenos expresar en palabras os pensamentos, sentementos e desexos, pero permítenos facelo de innumerables maneiras ao combinar, de acordo con certas regras gramaticais, palabras en oracións que poden ser sempre diferentes. A comunicación animal depende de sinais cun valor sempre fixo, que determina sempre o mesmo comportamento (ante a presenza dun depredador, un animal emite sempre a mesma sinal, ante a que reaccionan sempre da mesma maneira os receptores, por ejemplo, fuxindo). Grazas a linguaxe simbólica, a relación co mundo é infinitamente máis rica, xa que máis

alá das nosas experiencias persoais, podemos adquirir información da experiencia acumulada por outros humanos falantes, do pasado e do presente, permitíndonos así o acceso ao coñecemento acumulado durante longos períodos de tempo. A linguaxe permítenos pensar, proxectar e mesmo imaxinar realidades que non percibimos.

4. Na última frase do texto di o autor que: "O home é o único animal capaz de conceptualizar a realidade". Que ventaxas ten isto para os humanos?

Os conceptos permítennos clasificar e estruturar a realidade, proporcionándonos unha maior independenza con respecto aos estímulos do ambiente. Permítennos formular hipótesis e razoamentos, regras e principios. Permítennos pensar, desenvolver, en definitiva, a conciencia reflexiva, a imaginación, o razoamento, o sentemento moral…

ACTIVIDADE 2:

1. Cal é a idea principal do texto?

Mentras as demáis especies, para adaptarse ao medio teñen que reaxustar os seus mecanismos biolóxicos, "o home , e só él, cando chega á conclusión de que a súa bioloxía é pouco axeitada, escapa á extinción, non por medio dun reaxustamento da súa bioloxía, senon pola adopción dunha forma de comportamento enteiramente diferente".

2. Distingue entre evolución biolóxica e evolución cultural, servíndote para elo de exemplos concretos

A evolución biolóxica é un proceso contínuo de cambio na constitución xenética das especies, a través de varias xeracións, como resultado da adaptación ao contorno, que ten como resultado outras especies descendentes.

A evolución cultural é un proceso de adaptación por medios non xenéticos, mediante a acumulación e transmisión, de xeración en xeración, de información (coñecementos e experiencias) que o home vai acumulando a través do tempo.

A evolución biolóxica é lenta e ríxese polo azar, sen plan nin finalidade algunha e os seus logros parecen fixos e irreversibles. A evolución cultural é rápida, está dirixida pola intencionalidade humana hacia obxectivos conscientes e ben definidos, pero os seus logros son extremadamente fráxiles.

3. Explica o sentido da seguinte afirmación: "Foi a diversidade dos seus mecanismos culturais que permitíu ao *Homo Sapiens*, como especie, habitar en calquera lugar da terra, e durar mais que outros grupos animais que en tempos parecían mais capaces de sobrevivir"

A adaptación da especie humana ao medio non é xenética, senón cultural. Grazas á cultura, o home cambiou a marcha da evolución biolóxica. A nosa especie convertiuse na especie dominante sobre a terra, non grazas á adaptación dos seus xenes ao ambiente, senón á modificación do ambiente de acordo cas súas necesidades biolóxicas. É a esta capacidade de adaptación extrasomática ao que chamamos cultura.

4. A evolución cultural parece capaz de realizacións superiores ás da evolución biolóxica (busca algún exemplo), pero tamén pode ser maior a súa fraxilidade. Por que? É posible decidir a orientación da evolución biolóxica? E da cultural? Somos responsables da dirección que a nosa evolución poida seguir no futuro? Xustifica a túa desposta

Como indica Ayala" O ser humano non está á espera de mutacións que lle permitan adquirir ás; a conquista do aire ten sido levada a cabo máis eficazmente construíndo avións. Igualmente, o ser humano viaxa e vive durante longos períodos nos ríos e nos mares aínda que non teña nin branquias nin aletas. E o espacio está sendo explorado por astronautas portadores do osíxeno que necesitan para respirar e provistos de traxes presurizados" e todas estas cousas pode conseguilas en poucos anos cunha grande eficacia. Mentras que as aves, para voar, tiveron que desenvolver durante millóns de anos determinadas estruturas anatómicas, a conquista humana do ar, dende o sono de Ícaro ao primeiro avión levou pouco máis de dous milenios. Pero esa capacidade pode ser empregada en calquera dirección. Os humanos nunca temos un só camiño para seguir (liberdade), senón que podemos proxectar camiños diferentes. É a cultura e non a bioloxía quen determina o que os humanos consideramos necesario e útil, así desenvolvemos determinadas formas culturais para satisfacer as necesidades que nós mesmos creamos, non un conxunto de necesidades determinado pola natureza. A bioloxía pode poñer certos límites aos nosos proxectos, establecendo o que é imposible, pero non o que é posible… E para o posible o camiño está aberto. O que na actualidade podemos facer os humanos, carece de parangón na experiencia pasada (p.ex. a

manipulación xenética). Pero a liberdade implica responsabilidade e somos responsables mesmo dos efectos non previstos das nosas accións aínda que sexan ben-intencionadas…

(Esta nota debe ser considerada únicamente o punto de partida para a reflexión persoal do alumnado)

ACTIVIDADE 3:

1. **Sinala a idea fundamental do texto e indica que trata de comunicarnos.**

A superioridade masculina sostense nun prexuízo infundado: a idea de que a caza constitui, na prehistoria, a principal fonte de alimento. De entender que non foi a caza, senón a recolección de produtos vexetais (actividade fundamentalmente fiminina), a base do sustento, o sexismo quedaría sen o seu principal argumento.

”Se, polo contrario, a recolección de produtos vexetais representara na prehistoria a base do sustento humano, entón teríamos que desmitificar a imaxe do orgulloso cazador…”

2. **Algúns antropólogos suxiren que a orixe do sexismo pode atoparse na división sexual do traballo, que ven condicionada pola natureza reprodutiva da muller. Busca razóns que permitan refutar esta tese.**

O prexuízo ao que facíamos referenza, sostense á súa vez na división sexual do traballo determinada pola naturaza reprodutiva da muller: a gravidez faina menos apta para correr e a necesidade de amantar e protexer á prole, dependente durante longos períodos, mantena no fogar, adicada a recolección de vexetais.

Pero ao marxe da consideración de que seguramente a base do sustento na prehistoria, era máis o produto da recolección que da caza, e polo tanto a actividade produtiva da muller era a fundamental, os cambios evolutivos producidos no corpo fiminino en relación coa función reprodutiva, son decisivos no proceso de hominización:

- **O ocultamento do estro** (período de fertilidade): a receptividade sexual voluntaria favorece o establecemento de vínculos sociais.

- **A posición da vaxina** facilita a cópula en posición ventral, que permite a comunicación.
- **A posición da cadeira**, por mor da bipedia, convirte o parto en algo especialmente difícil, que fai necesaria a cooperación doutras persoas.
- **Unha cría inmadura**: o feto humano nace prematuramente e a súa maduración debe completarse fora do corpo da nai, nun ambiente social e de acordo xa coas pautas dunha determinada cultura.
- **Unha menopausia precoz:** a liberación das funcións reprodutoras, permítelle a muller contribuír de maneira moi significativa á produción social.

3. **Distingue entre sexo e xénero. Pensas que certos rasgos que de forma recurrente se asocian a homes e mulleres, son expresión de condicionantes biolóxicos ou, máis ben, efecto dun condicionamento cultural? Xustifica a túa opinión con argumentos e trata de ilustralos con exemplos pertinentes.**

O sexo está xenéticamente determinado e fai referenza ás diferenzas entre machos e femias. O xénero fai referenza aos roles sociais asignados a cada sexo.

O conxunto de actitudes e actividades asignados a cada sexo, son aprendidos no proceso de socialización e, polo tanto, non son universais: son diferentes en distintas culturas e en épocas diferentes.

Na cultura occidental, considerábase que os homes eran máis fortes, decididos, agresivos, activos e violentos, mentras que as mulleres eran “por naturaza”, máis pasivas, febles, pacíficas, sensibles, indecisas… Nenos e nenas eran socializados de maneira diferente: os xogos infantís, a cor coa que se vestían, os contos, as cancións, as profirsións que se lles asignaban (buscar exemplos) contribuían a perfilar estas personalidades diferentes…
Margaret Mead, mostrou nun estudo realizado sobre tres tribos de Nova Guinea (arapesh, mundugumor e chambuli), que estas actitudes temperamentais masculinas e fimininas, non son universais e, por tanto, non poden estar determinadas polas respectivas carácteriscas biolóxicas:
Observou que entre os arapesh, tanto homes como mulleres, presentaban un comportamento que dende o pusto de vista occidental podía asociarse ao rol

fiminino (eran serviciais, pacíficos/as e dispostos/as a atender ás necesidades e demandas dos demáis); as actitudes dos homes e mulleres mundugumor, pola contra, eran más propias do que tendemos a asociar co rol masculino (eran rudos/as, agresivos/as e violentos/as). Sen embargo, nos chambuli atopou unha inversión nos roles con respecto á nosa propia cultura: as mulleres desempeñaban un papel dominante e director, mentres os homes eran considerados como persoas menos responsables e sometidos emocionalmente.

Os roles masculino e fimenino están a cambiar tamén na cultura occidental (buscar exemplos).

ACTIVIDADE 4:

1. Cal é a idea principal do texto?

"As distincións entre os grupos humanos establécense en gran medida máis sobre a base da diversidade cultural que sobre a diversidade xenética."

2. Define os conceptos "raza" e "poboación" e xustifica por que "os antropólogos non falan xa de razas, senón de poboacións"

Nas taxonomías biolóxicas, unha *raza* denota unha poboación xeográficamente aillada dentro dunha especie que tivo pouco ou ningún fluxo de xenes durante un longo período de tempo..

O termo *poboación*, que designa un grupo de persoas cuios membros se cruzan cunha frecuencia máis que aleatoria e que mostran diferenzas nas frecuenzas xénicas por comparación con outros grupos humanos veciños.

Porque ningunha das poboacións humanas existentes posúe o grao de aillamento reproductor que permitiría aplicarlle a categoría taxonómica de "raza" , senón que hai importantes indicios dun fluxo de xenes tanto antigo como recente.

3. Explica as seguintes ideas:

-A diversidade xenética da especie humana é sorprendentemente feble

Aínda que estudos recentes suxiren que o polimorfismo xenético humano é maior do que se pensaba, da diversidade genética total da humanidade, o 85% está presente en calquera poboación local (é dicir, en calquera pobo ou cidade de cada continente). Todo polimorfismo queda dentro dos límites da especie, xa que non modifica o xenoma humano.

-As distincións entre os grupos humanos establécense en gran medida máis sobre a base da diversidade cultural que sobre a diversidade xenética

Os factores que inciden nas distincións entre grupos humanos son principalmente de natureza histórica, psicolóxica e ambiental, non xenética. Os xenes que determinan as características utilizadas para definir as razas, non forman conxuntos de rasgos herditarios que se dean sempre xuntos… Ademáis, os rasgos visibles non coinciden cos rasgos xenéticos que resultan imperceptibles para os sentidos.

-A raza existe indudábelmente como categoría simbólica e social

As razas, na especie humana, son algo secundario, ao contrario do que sucede noutras especies (por exemplo, os cans), onde poden mesmo crear barreiras reprodutivas. As razas humanas son resultado de clasificacións que responden a prexuízos e intereses sociais e culturais.